

DECRETO NÚMERO \$

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 3-2020). PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS

Visto o expediente tramitado para modificar créditos na modalidade de **xeración de crédito (Expdte XC 3/2020)**, coa ocasión da Resolución da Secretaría de Estado de Servicios Sociales do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social de data 10/12/2020, pola que se concede ó Concello de Lugo unha subvención por importe de 147.030,08 € para a execución do Programa “+ XTI 2020”

Visto informe de Intervención, Ref. 215/2020 Xeración de crédito nº 3/2020, de data 27/4/2020

Considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente.

Considerando que o ingreso que serve de financiamento para a xeración de crédito non ten natureza tributaria e que consiste nos compromisos firmes de aportación por mor da subvención concedida ó Concello de Lugo por contía total de 147.030,08 euros, e existindo unha evidente correlación cos créditos para gastos a xerar, cúa finalidade é a execución do proxecto denominado “+ XTI 2020”

En base ás atribucións conferidas á esta Alcaldía, resólvese:

Aprobar o presente expediente de xeración de créditos, introducándose nos estados de gastos e ingresos, as seguintes modificacións, con imputación ó CP 202317001, creando, de ser o caso, as aliacións orzamentarias indicadas:

- Proxecto :
- **Programa “+ X TI 2020 ”.**
- Importe total **Gasto subvencionable: 147.030,08 €.** (Resolución da Secretaría de Estado de Servicios Sociales do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social. Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, de data 10/12/2019).

INTERVENCION

MVF/ccg

Refª: ispac5241306300006577204.doc

Asunto: X.C.3/2020

- Importe Total Programa: 210.043,00 €
- Importe **Subvención 147.030,08 €**
- Observacións : Financiamento :
 - **Aportación municipal: 63.012,92 €**
 - **Subvención: 147.030,08 €**
- ✓ **Xeracion de crédito: 147.030,08 €.**

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Dereitos Recoñecidos da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas. S28160306

Concepto	Código proxecto	Importe
42090	202317001	147.030,08 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos Dereitos Recoñecidos anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
23170.22699	202317001	147.030,08 €

Observacións: Consultada a contabilidade municipal, está aperturado o C.P. 20231701 "+XTI", cunha previsión inicial de 95.000,00 €, coincidentes coa estimación da aportación municipal no Orzamento 2020 para o mencionado proxecto . Vista resolución obrante no expediente, na que consta un importe total do proxecto por importe de 210.043,00 €, sendo cofinanciado polo Ministerio nun 70%, procede, logo de contabilizar o expediente de xeración de crédito, a minoración da previsión inicial de gasto do proxecto, en 31.987,08 €, correspondentes á diferencia entre a estimación da aportación municipal no Orzamento 2020 (95.000,00 €) e a esixida na resolución da Delegación do Plan Nacional sobre Drogas (63.012,92 €).

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen mais trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.